

As cantareiras en lectura fácil



Día das Letras Galegas
17 de maio de 2025



BIBLIOTECA PÚBLICA
DE OURENSE
NÓS

As cantareiras en lectura fácil

Texto en Lectura Fácil: Iria C. Bao

Revisión das pautas de Lectura Fácil: Elisabet Serra Casanovas

Fotografía de Adolfina e Rosa Casás. Fonte:

Fondo Schubarth-Santamarina. APOI-Museo do Pobo Galego.

Fotografía das Pandeireteiras de Mens. Fonte:

Fondo Agrupación Folclórica Aturuxo. APOI-Museo do Pobo Galego

Fotografía de Eva Castiñeira. Fonte: Pablo Quintana

Primeira edición, 2025

Depósito legal: OU 192-2025



Este logo identifica os materiais
que seguen as directrices internacionais da IFLA
(International Federation of Library Associations
and Institutions) para persoas
con dificultades lectoras.

Outórgao a Asociación Lectura Fácil.

Para máis información: www.lecturafacil.net

Editado por:

Biblioteca Pública Nós

Rúa Canle, 6

32004 Ourense

Impreso en:

Aceroplus Obradoiro Gráfico

Rúa Camiño Caneiro, 4 baixo

32004 Ourense

Índice

1. As cantareiras.....	5
2. Adolfina e Rosa Casás Rama.....	7
3. Eva Castiñeira Santos.....	9
4. As Pandeireteiras de Mens.....	12
5. O Cancioneiro Popular Galego.....	15
6. A pandeireta.....	17
7. Bibliografía.....	20
8. Agradecementos.....	21

1. As cantareiras

O Día das Letras Galegas de 2025
está dedicado ás cantareiras
Adolfina Casás Rama, Rosa Casás Rama,
Eva Castiñeira Santos, Manuela Lema,
Teresa García Prieto,
Prudencia Garrido Ameixenda
e Asunción Garrido Ameixenda.

Estas mulleres gustaban de cantar
cancións populares galegas que aprenderon
ou que elas mesmas inventaron.

Ademais de cantar, tocaban a pandeireta,
pero cando non tiñan pandeireta
usaban utensilios de cociña como pratos,
cuncas ou testos de potas.

Estas mulleres reuníanse á noite
despois de traballar no campo
para cantar e bailar.

Estas reunións coñecíanse
como seráns ou foliadas
e nelas xuntábase a xente das aldeas.

Case todas as cancións que estas mulleres
cantaban e tocaban eran para bailar
solto ou agarrado.

Por toda Galicia houbo moitas
mulleres como elas que aprenderon
e ensinaron a outras mulleres
cancións populares galegas.

2. Adolfina e Rosa Casás Rama



Adolfina e Rosa foron dúas cantareiras
tía e sobriña do lugar de Vila da Igrexa
no concello coruñés de Cerceda.

Adolfina e Rosa traballaban como labregas
nas casas máis grandes de Cerceda.

Tamén gañaban a vida lavando a roupa
para o cura e para as casas máis ricas.

Cando eran mozas podían cantar e tocar
toda a noite sen repetir ningunha canción.
Rosa empezaba a cantar e Adolfina seguía.

Como eran moi festeiras contratábanas
porque iso animaba a outra xente
a ir axudar nos traballos do campo.

Cando Rosa tiña 50 anos emigrou
cos seus fillos a Suíza e despois a Inglaterra.
En Suíza só coidou dos netos, pero en Inglaterra
tamén traballou servindo en casas.

Cando volveron de Inglaterra
foron a vivir á cidade da Coruña.

Rosa non volveu cantar
ata que volveu vivir a Vila da Igrexa
cando xa era anciá.

3. Eva Castiñeira Santos



Eva Castiñeira naceu na aldea de Agranzón, que está no concello coruñés de Muxía.

Comezou a cantar cando tiña 8 anos
con dúas pandeireteiras veciñas
e despois aprendeu a tocar a pandeireta.

Na casa de Eva tamén facían festa
e os mozos bailaban mentres Eva
e a súa irmá Engracia tocaban.

Eva marchou cando xa estaba casada
a vivir á cidade da Coruña
onde coñeceu a un dos fundadores
da discográfica Ruada.

Unha discográfica é unha empresa
que grava discos e os pon a venda.

Eva gravou un disco de título **Recolleita**
coas súas pezas para esta discográfica.

Na cidade Eva tocou nas festas
do seu barrio e nas excursións da parroquia,
ademais de nas reunións familiares.

Tamén foi a primeira cantareira
que actuou cun grupo de música folk.
Eva e a súa irmá tocaron a peza
de título **A danza** co grupo Milladoiro
nas festas da Coruña.

4. As Pandeireteiras de Mens



As pandeireteiras de Mens foron mulleres labregas da parroquia de Mens no concello coruñés de Malpica.

Os seus nomes eran Manuela Lema,
Teresa García Prieto,
Prudencia Garrido Ameixenda
e Asunción Garrido Ameixenda.

As pandeireteiras de Mens
actuaron por primeira vez
nun concurso de coros e danzas
que se celebrou na Coruña.

Desde entón a xente empezou
a chamalas as vellas de Mens.

Tiveron moito éxito no concurso
e meses despois volveron actuar
nun festival onde tocaron a peza de título
Pandeirada de Mens.

A Pandeirada de Mens é unha muiñeira
que elas tocaban co puño pechado,
porque é a maneira propia de tocar
a pandeireta en Malpica.

As pandeireteiras de Mens actuaron tamén en Portugal, Francia e Argentina a onde viaxaron coa asociación Aturuxo.

Tamén saíron no programa **Ruada** da Televisión de Galicia.

5. O Cancioneiro Popular Galego

O Cancioneiro Popular Galego é un libro de cancións populares galegas recollidas por Dorothé Schubarth.

Dorothé Schubarth era unha especialista en música de Suíza que aprendeu galego para viaxar por Galicia na busca de cancións populares galegas.

Dorothé visitou moitas aldeas de Galicia para gravar a mulleres ás que lles gustaba cantar, tocar e bailar.

Dorothé levaba sempre unha pandeireta porque a maioría das mulleres non a tiñan.

O libro do Cancioneiro Popular Galego
ten as partituras das cancións
que gravou Dorothé.

Unha partitura é un documento
que indica a un músico ou música
como tocar unha canción.

Ademais, o libro do Cancioneiro Popular Galego
tamén ten as letras das cancións.

Hai outros libros con cancións populares
pero o Cancioneiro de Dorothé é o que ten
máis cancións e de máis sitios.

No Cancioneiro de Dorothé aparecen cancións
das Pandeireteiras de Mens e de Adolfinia
e Rosa Casás, pero non de Eva Castiñeira.

6. A pandeireta

A pandeireta é o instrumento de percusión galego que máis se coñece e se toca.

Un instrumento de percusión é un tipo de instrumento musical que soa ao bater nel.

A pandeireta ten catro partes principais:

- Aro.
- Parche.
- Ariño.
- Ferreñas.

O aro é un círculo de madeira.
A madeira que máis se utiliza
para facer os aros é a de piñeiro
porque é barata e pesa pouco.

O parche é unha capa fina de pel natural.
A maioría dos parches das pandeiretas
son de pel de cabra, porque soa mellor
e é máis resistente que a pel de ovella.

O ariño é un aro estreito que suxeita
o parche ao aro.

As ferreñas son círculos de metal
que se colocan de dúas en dúas
nos buracos do aro e soan ao bater
entre elas cando se move a pandeireta.

A pandeireta tócase en Galicia
movendo a man que agarra a pandeireta.
As persoas destrás agarran a pandeireta
coa man dereita e as persoas zurdas
agarran a pandeireta coa esquerda.
A man que non agarra está queda e bate
a pel da pandeireta.

Os peneireiros foron os primeiros
que fabricaron pandeiretas.
Os peneireiros constrúen peneiras.
Unha peneira é unha ferramenta
que serve para separar as partes finas
da fariña das partes grosas.

A pandeireta pode usarse
para acompañar ao canto
ou tamén a outros instrumentos.

7. Bibliografía

Para escribir este folleto
lin o libro de título **Cantareiras**,
de Icía Varela e Xosé Manuel Varela.

Tamén consulte os libros de título
Método de pandeireta galega e
Nova técnica de pandeireta galega.

Para explicar algunhas palabras
do texto consulte a páxina web:
diccionariofacil.org

8. Agradecementos

Grazas ás persoas da Asociación Aspanas que leron e comentaron este texto nas sesións do Club de Lectura Fácil da Biblioteca Nós.

bibliotecas.xunta.gal/ourense



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE